

CONSIDERACIÓNS DO COLEXIO OFICIAL DE GALICIA ANTE O DECRETO – LEI 3/2021 RESPECTO AS NOVAS MEDIDAS DE REFORZO DO IMV

22.03.2021

Co propósito de ofrecer un posicionamento por parte do **Colexio Oficial de Traballo social de Galicia** e contribuír así coa mellora das políticas públicas, ademais de realizar a labor da defensa da profesión, neste informe elaboramos unha serie de consideracións respecto ás medidas de reforzo do IMV dispostas no Real Decreto- Lei 3/2021 .

O pasado 2 de febreiro o Consello de Ministros/as aprobou o **Real Decreto-Lei 3/2021**, que establece novas medidas dentro do que denominaron *escudo social*. O dito Real Decreto-Lei inclúe medidas tales como a moratoria das hipotecas, recoñecemento de enfermidade profesional aos e ás profesionais de centros sanitarios e socio sanitarios contaxiados/as de Covid19 (art. 6) e **en particular medidas para reforzar o Ingreso Mínimo Vital (IMV)**.

No mencionado Real Decreto-Lei requírese da **participación dos servizos sociais**, e transitoriamente, de entidades do terceiro sector de acción social debidamente acreditadas – definidos como os mediadores sociais do ingreso mínimo vital- para poder **certificar** a existencia de determinadas situacións particulares.

Así mesmo, **requirirase, para o acceso á prestación, certificado dos servizos Sociais** co fin de **acreditar a residencia colectiva, o carácter non permanente da prestación de servizo residencial, o domicilio real dunha persoa que alegue non vivir onde consta no empadramento ou a inexistencia de vínculos cando no mesmo domicilio**, a parte das persoas solicitantes da prestación, residan outras persoas.

Tamén se incorpora con esta modificación que **a notificación da resolución a persoas sen domicilio será efectuadas nos servizos Sociais** do municipio ou no seu caso na sede ou centro da entidade nos que as persoas interesadas figuren empadroadas, así como a inclusión da **obriga dos Concellos e as entidades do Terceiro Sector de Acción Social de comunicar ao INSS os cambios de domicilio nos supostos de persoas sen domicilio en cuxa sede se atopan empadroadas**.

Neste senso, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia está na obriga de emitir as seguintes **CONSIDERACIÓNS:**

O sistema de SS.SS comunitarios **non conta cunha estrutura orgánica e funcional o suficientemente dotada**, a pesar do elevado incremento da demanda de persoas en situación de necesidade ou risco de exclusión nos últimos anos e despois de seren recoñecidos como

servizos esenciais a nivel estatal durante o estado de alarma. Son equipos que malia a **precarización e a inestabilidade laboral** que están a sufrir, durante a pandemia continuaron traballando a carón das persoas que máis o necesitaban durante todo o estado de alarma, desenvolvendo unha atención en crise de xeito áxil e coordinado, coa asimilación de grande sobrecarga laboral por parte das profesionais, tal e como xa viñan facendo con anterioridade e como continuarán a facer.

Ante a situación na que nos atopamos nesta Comunidade Autónoma en canto ás situacións de desigualdade, pobreza e vulnerabilidade (antes e despois da crise sanitaria, económica e social actual) así como na xestión en materia de garantía de rendas, este Colexio en colaboración coas Universidades Galegas e os diferentes organismos está enfocado na consolidación e mellora do Sistema de Benestar dende os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos Sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario e situadas no espazo e sistema que corresponda.

Con esta xustificación, este Colexio segue apostando por: consolidar un Sistema de Garantía de Rendas que goce, por fin, da condición de dereito subxectivo e incidir na necesidade de contar cunha estrutura orgánica e funcional o suficientemente dotada (reforzo de equipos e servizos públicos) que faga fronte ás debilidades dos diferentes Sistemas de Protección e **que impida que o Sistema de Servizos Sociais funcione sempre como dique de contención.**

➤ **Que aporta o Traballo Social neste aspecto?**

- O Traballo Social é unha profesión baseada na práctica e nunha disciplina académica que **promove o cambio** e o desenvolvemento social, a cohesión social, e o fortalecemento e a liberación das persoas.
- A profesión de Traballo Social **caracterízase por ser unha das mellores coñecedoras da realidade social das persoas**, principalmente se nos referimos a aquelas con maior grao de vulnerabilidade. A intervención social permítenos aproximarnos ás necesidades, desaxustes das persoas co seu entorno familiar e social, así como os apoios que requiren no seu proxecto vital.
- O sistema de Servizos sociais —cos/as traballadores/as sociais como profesionais de referencia—ten por obxecto a promoción e protección das persoas para a convivencia no seu entorno, co obxecto de facilitar a súa autonomía, desenvolvemento persoal, inclusión e protección social.
- **Cómpre a dotación suficiente de persoal cualificado** no propio Sistema de Servizos Sociais e no resto de sistemas de protección social, con ratios adecuadas para dar

cumprimento ás necesidades da poboación, e tendo en conta as diversas contornas rural, urbana e semiurbana. **O Traballo Social como profesión transversal** dentro de equipos interdisciplinares enténdese como unha estratexia de loita contra a exclusión social.

➤ **Que debemos evitar e por que?**

- **A pobreza non pode ser obxecto do Sistema de Servizos sociais**, senón das políticas sociais transversais.
- A praxe do Traballo Social como profesión científica no Sistema Público de Servizos Sociais, **atópase condicionada a adoptar roles non desexados de “administrativos/as cualificados/as” ou de “control de pobres”, cuestión que se afasta completamente da esencia do Traballo social como profesión científica. Non controlamos, acompañamos.**
- Este enfoque da profesión desvirtúa a esencia do noso traballo, e afástanos do obxecto principal, provocando graves deterioros no desenvolvemento da vida das persoas, comunidades, e perdendo o traballo preventivo, comunitario, de acompañamento, apoio, etc.
- A reincidencia na sobrecarga dos Servizos sociais Comunitarios (directa ou indirecta) e a carga burocrática ás que están sometidos resta eficacia ao Sistema Público de Servizos Sociais e perde a esencia para a que foron pensados. **É prioritario desvincular a xestión prestacional da intervención social.**
- A sobrecarga de traballo burocrático (moitas veces non relacionado directamente coas funcións do traballo social) supón un **grave risco para a intervención social coas persoas e no proceso de acompañamento profesional.**
- O sistema Público de Servizos Sociais está danado e desgastado e require dunha reparación e transformación total. **O IMV está contribuíndo a manter este debilitamento.**

➤ **Que medidas se deberían levar a cabo desde os poderes públicos?**

- É preciso reubicar as prestacións dentro dun Sistema claro de Garantía de Rendas. **A solución non pasa pola privatización das axudas, nin pola súa externalización.**

- Débese **garantir a responsabilidade pública nas prestacións Sociais** básicas. A participación do Terceiro Sector na prestación debe estar suxeita ao control do sector público e en ningún caso constituír un sistema paralelo.
- A xestión administrativa do IMV e as acreditacións **non son funcións dos/as traballadores/as sociais** do Sistema Público de Servizos Sociais. **Existen outras alternativas posibles xa existentes e habituais na práctica da Administración.**
- Dita xestión non debe ser tampouco obxecto de intervención de dito Sistema. Os/as traballadores/as Sociais como profesionais de referencia **non son nin deben ser xestores/as delegados/as das oficinas da Seguridade Social.**
- Calquera trámite relacionado coa dita prestación deberá ser asumido polos órganos xestores da Seguridade Social, debendo seguir os mesmos procedementos que calquera outra prestación estatal por ser da súa competencia (pensións de viuvez, orfandade, prestacións familiares por fillos/a a cargo..).

En virtude do exposto, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia reitera que:

1. O Colexio Oficial de Traballo Social reafirma o seu **rexeitamento á normativa sobre Ingreso Mínimo Vital** que impón a disposición transitoria oitava do Real Decreto-lei 3/2021, de 2 de febreiro que establece a participación das entidades do Terceiro Sector de Acción Social na xestión da prestación do IMV.
2. As Traballadoras e os Traballadores Sociais **non somos unha ferramenta de control.**
3. Que **a función dos/as traballadores/as sociais** non é a tramitación, nin a burocracia, senón a **promoción da autonomía, a inclusión social, favorecer a convivencia, crear e reforzar espazos e redes comunitarias, de apoio social e axuda mutua, de ocio, elementos vitais para a protección social e previr situacións de exclusión**, así como promover as condicións necesarias para a garantía e o recoñecemento dos dereitos Sociais ao conxunto da sociedade.
4. O estigma social é unha consecuencia indesexable da certificación documental ligada a un modelo asistencialista da atención
5. O Traballo Social **non certifica pobreza.**

Este Colexio Oficial en representación de todos/as os profesionais do Traballo Social da Comunidade Autónoma de Galicia, instamos ás diferentes Administracións públicas a redefinir e articular os diferentes sistemas de Protección sociais actuais. Así mesmo, ofrecemos a nosa experiencia nesta materia para sumar e construír un novo sistema que garanta e prime unha intervención social de calidade.

